



INFORMACIÓN DE PASEOS DE MENOS DE 5 KM DO CONCELLO DE RIBEIRA-TURISMO DE GALICIA

NOME DO PASEO	PASEO LITORAL DE COUSO (AGUIÑO): PASEO QUE NAMORA CON VISTAS Á ILLA DE SÁLVORA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Porto fenicio 42.5202778, -9.025777778 Fin: miradoiro de Couso 42.5238889, -9.03444445
LONXITUDE	1,3 km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Paseo litoral que parte do porto da Covasa (porto fenicio) e transcorre en boa parte por pasarelas de madeira e ao carón dunha paisaxe costeira na que salienta o arquipélago de Sálvora (pertencente ao parque nacional illas atlánticas) e a bocana de entrada da ría de Arousa. Panorámica da mesma dende o miradoiro.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal

NOME DO PASEO	PASEO LITORAL DO CARREIRO (AGUIÑO) A CASTIÑEIRAS: PASEO QUE NAMORA NO FIN DA RÍA DE AROUSA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: paseo do Carreiro (Aguiño) 42.5228611, -9.01208333 Fin: área recreativa do Castro (Castiñeiras) 42.52291111, -8.9990278
LONXITUDE	2 km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Paseo litoral que discorre dende o espigón do Carreiro (punto terrestre máis próximo ao arquipélago de Sálvora) e ao carón das praias da Catía e do Castro do final da ría de Arousa (sobre pasarelas de madeira) e onde se atopan as últimas bateas sobre esta ría. Miradoiro na área recreativa do castro da fermosa paisaxe costeira.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal



NOME DO PASEO	PASEO LITORAL DO TOURO (RIBEIRA) Á AMEIXIDA (CASTIÑEIRAS): PASEO QUE NAMORA FLOTANDO NO MAR
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: paseo do Touro 42.5478889, -8.9844444 Fin: porto da Ameixida 42.53830561, -8.98675
LONXITUDE	1,4 km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Paseo litoral que en gran parte se realiza sobre pasarelas de madeira e percorre un treito con algunhas das mellores praias do municipio (Fontán, O Touro, Furna, Area Secada e A Ameixida) e puntos costeiros de gran valor paisaxístico (paisaxe rochoso entre Area Secada e A Ameixida).
CIRCULAR/LINEAL	Lineal

NOME DO PASEO	PASEO LITORAL DE COROSO (RIBEIRA) A RÍO AZOR (PALMEIRA): PASEO QUE NAMORA ENTRE ILLAS
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: praia de Coroso 42.5658889,-8.9847417 Fin: praia de Río Azor 42.5698611, -8.96825
LONXITUDE	1,9 Km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Paseo litoral ao carón da praia urbana de Ribeira (Coroso) ata a praia de Río Azor (Palmeira) cunhas fermosas vistas da ría de Arousa e diversos peñotes e illas como a de Coroso ou Rúa por exemplo. Moi transitada e con zonas recreativas e deportivas para rapaces e adultos.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal



NOME DO PASEO	PASEO LITORAL DO PORTO AO FARO DE CORRUBEDO: PASEO QUE NAMORA CO ARRECENDO DA SALITRE
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: porto de Corrubedo 42.5658889,-8.9847417 Fin: faro de Corrubedo 42.5769444, -9.0892778
LONXITUDE	2,1 Km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Paseo litoral a través dun tramo da ruta circular Sr-1 que parte do porto de Corrubedo (permite tamén visitar o fermoso pobo e a súa igrexa dedicada a Santa María) e percorre tramos de gran beleza e interese paisaxístico e natural ata o faro, que tamén serve de miradoiro sobre o entorno no remate da ría de Muros e Noia e o mar aberto do atlántico.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal

NOME DO PASEO	SENDA FLUVIAL DO RÍO ARTES I: PASEO QUE NAMORA Á BEIRA DO RÍO ARTES
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Artes (estrada CP-7304) 42.5723333,-9.019089 Fin: Oleiros (estrada AC-550) 42.602663, -9.003215
LONXITUDE	5 Km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Percorrido que remonta o curso do río Artes, con importantes mostras de bosque de ribeira exemplos do patrimonio etnográfico galego: o lavadoiro do río Artes e muíños de auga. Moi preto deste sendeiro localízase o dolmen de Axeitos, un recuncho do concello ribeirense enclavado nun entorno natural de gran beleza.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal



NOME DO PASEO	SENDA FLUVIAL DO RÍO ARTES II: PASEO QUE NAMORA AOS PÉS DA SERRA DO BARBANZA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Oleiros (estrada AC-550) 42.601800, -9.002292 Fin: Balteiro 42.621245, -8.988734
LONXITUDE	3 km aprox. (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	A estrada AC-550 ao seu paso por Oleiros é o punto de inicio desta senda que seguindo o río Artes chega aos pés da serra do Barbanza. Ademais da vexetación típica das zonas fluviais galegas, no percorrido atópase o lavadoiro de uso público de Portochouzo.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal

NOME DO PASEO	PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE: PASEO QUE NAMORA A TRAVÉS DO COÑECEMENTO DA PREHISTORIA GALEGA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio e fin: Centro de interpretación arqueolóxica do Parque Periurbano de San Roque 42.560158, -9.003657
LONXITUDE	0,5 km aprox.
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	A modo de balcón sobre a cidade de Ribeira, o Parque Periurbano de San Roque está deseñado como un museo ao aire libre onde no medio dun bosque se localizan diferentes réplicas de monumentos prehistóricos. Na entrada atópase o Centro de interpretación onde se facilita información sobre o percorrido e dá as indicacións necesarias para chegar a outro recuncho que namora de Ribeira: o miradoiro da Pedra da Rá e o castro da Cidá, a unha de distancia aproximada de 1,5 km (aprox.) do Centro de interpretación.
CIRCULAR/LINEAL	Circular



NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN: PASEO QUE NAMORA NA MAIOR DUNA DE AREA DE GALICIA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Campos de Olveira (aparcamento das dunas de Corrubedo) 42.584329, -9044934 Fin: Duna móbil da Ferreira 42.579348, -9.046468
LONXITUDE	1,5 km (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Unha pasarela de madeira conduce ao visitante a través dos Campos de Olveira, necesarios para a formación da duna de area, ata o mesmo pé do maior monte de area de Galicia e un dos puntos imprescindibles da visita ao Parque natural. *Este itinerario correspóndese co “Camiño do vento” do Parque Natural.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal

NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN: PASEO QUE NAMORA E DESEMBOCAN NO MAR
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Campos de Olveira (aparcamento das dunas de Corrubedo) 42.584925, -9.044355 Fin: Río do Mar (desembocadura da lagoa de Carregal) 42.575566, -9.043657
LONXITUDE	3,5 km (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Camiño natural do Parque Natural que atravesa diferentes hábitats propios deste espazo protexido: un pequeno bosque no que se atopa a lagoa de Olveira; a marisma de Carregal; e a chaira intermareal. Estes últimos son espazos ideais para observar diferentes tipos de aves dependendo da época do ano. Alongando o paseo, o visitante poderá achegarse á Pedra da Ferreira, unha impresionante mole granítica na desembocadura da lagoa de Carregal. *Este itinerario correspóndese co “Camiño do Río do Mar” do Parque Natural.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal



NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN: PASEO QUE NAMORA CUN GUSTO SALOBRE
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Centro de recepción de visitantes Casa da Costa 42.555347, -9.027572 Fin: Centro de interpretación dos ecosistemas litorais de Galicia (CIELGA) 42.555647, -9.028591
LONXITUDE	6 km
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Debido á súa importancia ecolóxica, a lagoa e marisma de Carregal son outros dos puntos imprescindibles na visita ao Parque Natural. Esta relevancia venlle dada polas augas salobres que a conforman alimentadas por diferentes regatos e a auga do mar. A ruta comeza atravesar o piñeiral do entorno da Casa da Costa e o CIELGA, para posteriormente discorrer por unha zona areosa nas proximidades da lagoa. *Este itinerario correspóndese co “Camiño da Gandarela” do Parque Natural.
CIRCULAR/LINEAL	Circular no inicio e no fin; e lineal cara a lagoa.

NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN: PASEO QUE NAMORA CUN GUSTO DOCE
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio e fin: Aparcamento da praia do Vilar 42.552252, -9.026647
LONXITUDE	2,5 km
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	A lagoa de Vixán é outro dos puntos imprescindibles na visita ao Parque Natural. Nela desemboca o río Amendo, polo que é unha lagoa fundamentalmente de auga doce na que se poden ver diferentes especies de aves, sobre todo anátidas. Dous desvíos na ruta conducen aos restos do castro de Portobaixo ou aos muíños de auga no curso do río Amendo. *Este itinerario correspóndese co “Camiño da auga” do Parque Natural.
CIRCULAR/LINEAL	Circular



NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN: PASEO QUE NAMORA NO AREAL DO VILAR
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: Centro de recepción de visitantes Casa da Costa 42.555347, -9.027572 Fin: Centro de interpretación dos ecosistemas litorais de Galicia (CIELGA) 42.555647, -9.028591
LONXITUDE	1,5 km
DIFICULTADE	Baixa
DESCRIBICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Percorrido para achegarse ao areal máis coñecido de Ribeira, a praia do Vilar. A través de pasarelas de madeira, o visitante coñecerá a esencia dos ecosistemas naturais ligados ao Parque natural. Ademais de diferentes intervencións do home no medio natural, como a mámoa de Pipín. *Este itinerario correspóndese co “Camiño da praia” do Parque Natural.
CIRCULAR/LINEAL	Circular

NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA-ILLA DE SÁLVORA: PASEO QUE NAMORA ENTRE PEDRAS PULIDAS POLO MAR E O VENTO
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: peirao da illa de Sálvora 42.470495, -9.001732 Fin: faro da illa de Sálvora 42.466317, -9.012825
LONXITUDE	1,2 km (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRIBICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Un dos dous itinerarios habilitados neste espazo natural protexido atravesa a zona sur da illa, coa presenza de grandes bolos graníticos a ambas as dúas beiras do camiño. O destino final é o faro de Sálvora, lugar de importancia no transporte marítimo onde se produciu o naufraxio do vapor Santa Isabel, unha das maiores traxedias acontecidas no mar. *Este itinerario correspóndese co “Camiño do faro” do Parque Nacional. ** O acceso á illa realízase en transporte marítimo para o cal hai que reservar con antelación a saída.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal



NOME DO PASEO	CAMIÑOS DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA-ILLA DE SÁLVORA: PASEO QUE NAMORA CO ENCANTO DA ALDEA ABANDONADA DE SÁLVORA
PUNTO DE PARTIDA E CHEGADA COORDENADAS	Inicio: peirao da illa de Sálvora 42.470495, -9.001732 Fin: aldea da illa de Sálvora 42.476769, -9.010132
LONXITUDE	1,7 km (ida)
DIFICULTADE	Baixa
DESCRICIÓN/PUNTOS DE INTERESE	Habitada ata os anos 70, a aldea de Sálvora é testemuña das vivencias dos poboadores nunha extremas condicións de vida. O camiño que leva á aldea está salpicado de pequenas mostras da ocupación da illa: pazo de Sálvora, capela e fonte de Santa Catalina, lavadoiros, fornos, hórreos, valos,... Este percorrido só se pode realizar acompañado por un guía oficial e autorizado do Parque Nacional. *Este itinerario correspóndese co “Camiño da aldea” do Parque Nacional. ** O acceso á illa realízase en transporte marítimo para o cal hai que reservar con antelación a saída.
CIRCULAR/LINEAL	Lineal